

**PLAN DE IGUALDADE**  
**CEIP ILLAS CÍES – VIGO**  
**NOVEMBRO 2019**

## Contido

1.- REFERENCIAS NORMATIVAS.....	3
2.-CONTEXTO DO CENTRO .....	4
3.-INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN .....	4
3.1 PRINCIPIOS ORIENTADORES FUNDAMENTAIS DO PLAN.....	5
3.2.- OBXECTIVOS E VINCULACIÓN COS PLANS DE CENTRO (Proxecto Educativo, Plan de Atención á Diversidade, Documento Concreción Curricular, Plan de Igualdade, Plan de Orientación, Plan de Acción Titorial, Plan de Convivencia) .....	7
3.3.-DIFUSIÓN.....	8
3.4 XUSTIFICACIÓN .....	8
3.5.- CONMEMORACIÓNS A CELEBRAR .....	10
4.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO.....	10
4.1 DATOS CURSO 2019-20 .....	11
5.- OBXECTIVOS E ÁMBITOS ESTRATÉXICOS DE ACTUACIÓN.....	12
ÁMBITO ESTRATÉXICO: DESENVOLVEMENTO ORGANIZATIVO DO CENTRO .....	12
ÁMBITO ESTRATÉXICO: OS VALORES NO CURRÍCULO .....	13
ÁMBITO ESTRATÉXICO: CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR .....	14
ÁMBITO: CORRESPONSABILIDADE.....	15
ÁMBITO ESTRATÉXICO: A LINGUAXE NOS DOCUMENTOS DE CENTRO.....	15
ÁMBITO ESTRATÉXICO: OS ESPAZOS .....	15
ÁMBITO ESTRATÉXICO: A MULLER NA HISTORIA .....	16
ÁMBITO ESTRATÉXICO: A LITERATURA .....	16
ÁMBITO ESTRATÉXICO: XOGO E XOGUETES .....	17
ÁMBITO DESENVOLVEMENTO AFECTIVO-EMOCIONAL.....	17
6.- RECURSOS HUMANOS E AXENTES PARTICIPANTES .....	18
7.- SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN .....	18
8.- REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS E DOCUMENTAIS .....	19
9.- ANEXOS .....	¡Error! Marcador no definido.
9.- BARALLA IGUALDADE.....	20
9.2 REXISTRO TAREFAS DE CORRESPONSABILIDADE .....	23

**1.- REFERENCIAS NORMATIVAS****Estatais**

- ✚ Constitución Española proclama en su artículo 14 el principio de igualdad ante la Ley y en el artículo 9.2. establece que los poderes públicos promoverán las condiciones para que la libertad y la igualdad sean reales y efectivas
- ✚ La Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres establece no artigo 23, a educación en igualdade de mulleres e homes, e no artigo 24, a integración do principio de igualdade na política de educación.
- ✚ Artículo 2 de la Directiva 2006/54/CE, del Parlamento Europeo y del Consejo, de 5 de julio de 2006, relativa a la aplicación del principio de igualdad de oportunidades e igualdade de trato entre hombres y mujeres en asuntos de empleo y ocupación.
- ✚ Artigo 17 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade establece as medidas a prol dunha educación en igualdade. Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptarase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación. O artigo 19 fala da erradicación de prexuízos nos centros docentes.
- ✚ Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (27 de xullo de 2017) recolle no seu punto 170 que se promoverá a aprobación de plans de igualdade nos centros de ensino nas etapas de educación primaria e secundaria obrigatoria.
- ✚ Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional
- ✚ Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o goberno (BOE 14/10/2003. Núm. 246)
- ✚ Lei orgánica 3/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (BOE 29/12/2004. Núm. 313)
- ✚ Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- ✚ Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (BOE 23/03/2007. Núm. 71)
- ✚ Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa

**Autonómicas**

- ✚ Artículo 4 de la Ley orgánica 1/1981, de 6 de abril, del Estatuto de Autonomía para Galicia.
- ✚ Decreto Legislativo 2/2015, de 12 de febrero, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de igualdad
- ✚ Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG 3/08/2004. Núm. 149)
- ✚ Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia (DOG 13/04/2007. Núm. 72)
- ✚ Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG 7/08/2007. Núm. 140)
- ✚ Lei 4/2011 de convivencia y participación comunidade educativa
- ✚ Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa
- ✚ V Plan do Goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes (2007-2010).
- ✚ VI Plan Galego para a igualdade entre homes e mulleres. (Estratexia 2013 - 2015)
- ✚ Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✚ D. 105/2014, Elementos Transversais, art. 11
- ✚ Decreto lexislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade

- ✚ I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
- ✚ Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte a violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia. Observatorio Galego de Violencia de Xénero (2017).
- ✚ VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.
- ✚ Estratexia galega de Convivencia Escolar 2015-2020
- ✚ Protocolo de Convivencia
- ✚ Protocolo de Identidade de X<sup>o</sup>
- ✚ Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso
- ✚ I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos 2016.2020

## 2.-CONTEXTO DO CENTRO

- ✚ Denominación: CEIP ILLAS CÍES
- ✚ CÓDIGO 36010241
- ✚ Dirección: Avda, Castelao, 59 36209 – VIGO (PONTEVEDRA)
- ✚ Tfños: 8861120110/11, Horario: 8,50-14,10; Horario alumnado: 9,00-14,00.
- ✚ 3 UNIDADES DE EDUCACIÓN INFANTIL E 6 UNIDADES DE EDUCACIÓN PRIMARIA
- ✚ Especialistas: Inglés, E.Física, Artística, Relixión Católica (compartida co CEIP Altamar), AL (itinerante), PT, orientación (compartida co CEIP Altamar)
- ✚ Correo electrónico: [ceip.illas.cies@edu.xunta.es](mailto:ceip.illas.cies@edu.xunta.es)
- ✚ WEB: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipillascies/>

## 3.-INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

**Persoa responsable** da igualdade no Consello Escolar: Dirección do centro

A Constitución Española proclama no seu artigo 14 o principio de igualdade ante a Lei e no artigo 9.2. establece que os poderes públicos promoverán as condicións para que a liberdade e a igualdade sexan reais e efectivas, removerán os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitarán a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

Por todo o anterior, a Comunidade Educativa é decisiva na construción e vivenciación de valores de respecto mutuo, tolerancia e igualdade posibilitando o empoderamento das familias e da escola para que teñan recursos de socialización e de construción dunha cultura que poida mudar pensamentos, valores ou accións sociais, A participación activa de cada persoa que conforma esa comunidade na reconstrución da igualdade, do respecto, da visibilización da riqueza de diferentes sexos, da concienciación da igualdade,...resulta de vital importancia.

A coeducación íntegra o principio de igualdade entre mulleres e homes. Este principio debe estar presente en todos os elementos que interveñen no proceso educativo, garantindo o seu cumprimento no contexto formal, informal, no ámbito curricular e de interaccións.



Impulsar o cambio dos valores non igualitarios aínda imperantes, das actitudes, dos roles e dos estereotipos que sustentan a desigualdade de xénero, segue a constituír un reto das sociedades actuais, por máis que se teñan producido avances incuestionables nas últimas décadas que poidan facer pensar que mulleres e homes gozan por igual dos mesmos dereitos e oportunidades. Pero o certo é que a construción cultural que historicamente se foi conformando en torno ao xénero e que atribúe a homes e mulleres unha serie de características a partir das súas diferenzas biolóxicas, foron configurando un orde social desigual e inxusto, no que os roles e estereotipos diferenciados segundo o sexo fixaron un modelo

“de ser muller” e un modelo “de ser home” validados socialmente que establece un sistema desigual de relacións entre ambos sexos e de cada un deles co mundo. **A persistencia destes roles, estereotipos e actitudes sexistas aínda presentes na nosa sociedade perpetúan as desigualdades, polo que se fai preciso abordar un cambio máis profundo dos nosos valores e ideas.** Sen dúbida, o sistema educativo é o ámbito privilexiado para estimular estas transformacións, cambios que deben implicar o conxunto da comunidade educativa no seu sentido máis amplo: administración educativa, profesorado, alumnado, familias, sector editorial... Os avances experimentados nas últimas décadas no eido educativo son moi significativos: desde a implantación e xeneralización do modelo de escola mixta ata a presenza maioritaria de mulleres nos niveis de ensino post-obrigatorio, poden conducir erroneamente á crenza de que a igualdade de xénero neste ámbito xa foi alcanzada. Este espellismo refórzase con outro tipo de datos, como o mellor rendemento académico das nenas e das mozas, as menores taxas de absentismo escolar, o acceso –aínda sendo minoritario– a carreiras masculinizadas, antes practicamente inexistente etc.

**Non se necesita un gran esforzo para descubrir na sociedade actual na que vivimos discriminación na linguaxe, nas relacións, no traballo, na educación, no trato, etc**

Partindo dos protocolos establecidos e relacionados coa Igualdade como poden ser Protocolo de Convivencia, Protocolo de Identidade de X<sup>o</sup> ou o Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso abordaranse un traballo sistemático e organizado que interveña sobre condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.

En todos os plans de centro se integra o paradigma da igualdade e da coeducación como uns sinais de identidade do centro.

As directrices, liñas estratéxicas relacionadas coa igualdade e a coeducación son difundidos e comunicados á comunidade educativa para que teñan conciencia e sensibilización con esta temática.

**O plan de Igualdade será un instrumento educativo integral con plantexamentos de mellora para acadar a equidade de xénero, deseñando actuacións, retos, logros, tarefas.**

Partimos da necesidade de **aprender na propia organización**, no propio proceso de implementación. Tamén será **inclusivo** pois ten en conta as diversidades persoais de homes e mulleres, de nenas e nenos para acadar o máximo de potencialidades e de desenvolvemento persoal e social.

Por un lado, será **participativo** e aberto as implicacións da Comunidade Educativa e Social e por outro será tratada a igualdade de forma **transversal** a través do currículo, da organización e da xestión do centro.

Tamén pretende ser **avaliado**, comprometido e **promotor da erradicación da violencia de xénero**.

### 3.1 PRINCIPIOS ORIENTADORES FUNDAMENTAIS DO PLAN

Os principios vertebradores e orientadores serán a transversalidade, a corresponsabilidade, a visibilidade, a inclusión, a paridade, a corresponsabilidade, a conciliación, a linguaxe, o xogo e o xoguete e o desenvolvemento afectivo-emocional.

1. **Transversalidade e valores** pois “empaparán” o currículo, a organización e xestión do centro, as propostas lectoras e as dinámicas da biblioteca mellorando a cultura institucional mediante a inclusión da perspectiva de xénero na elaboración, desenvolvemento e seguimento de todas as actuacións que afecten, directa o indirectamente, á comunidade educativa e recoñecendo a responsabilidade da comunidade, axentes sociais, como compoñentes indispensables da calidade, a equidade e o éxito da calidade educativa do centro. Os valores masculinos e femininos deben ser analizados e, se fose necesario, “recrealos” tomando o mellor de cada x<sup>o</sup> para crear seres humanos sensibles, respectuosos, corresponsabéis...

**2. Visibilidade:** Este proxecto incorpora medidas e actuacións concretas que fan fincapé na necesidade de visibilizar ás mulleres e a súa contribución ao desenvolvemento da vida do centro, da comunidade social do Concello analizando que modelos representan, que valores transmiten, que modelo social aparece, sendo necesario reflexionar sobre a súa ausencia en ámbitos e sobre a pervivencia de papeis sociais diferenciados e discriminatorios, detectando as desigualdades e discriminacións que aínda existen. tamén reflexionar e integrar as achegas das mulleres ao longo da historia: música, danza, literatura, pintura, ciencias, ...

**3. Inclusión:** A máxima do noso plan vai ser IGUALMENTE DIFERENTES, que resume o sentido do principio de inclusión. Sí á diferenza, pois a diversidade enriquece as relacións, as sociedades, mentres que a desigualdade e a discriminación, as fai máis pobres e problemáticas. Os papeis tradicionais asignados deben ser corrixidos pero antes deben ser visibilizados e analizados pois ás veces a desigualdade está tan interiorizada e forma parte de nós ao longo dos anos que parece que deba seguir así. Os estereotipos deben ser derrubados e sobre todo aqueles que encasillan a nenas e mulleres xa que hai diversas formas de ser muller como hai diferentes formas de ser home. Conciliar intereses e crear relacións de xénero máis igualitarias, fan da inclusión un dos piares fundamentais do Plan.

**4. Paridade:** A igualdade formal e a igualdade real entre mulleres e homes integra o sentido deste principio. A paridade constitúe un dereito e un principio fundamental, necesario para a consecución de maiores cotas de xustiza e liberdade no exercicio de dereitos equitativos. A paridade real esixe, por unha parte, a participación equilibrada das mulleres e dos homes nas tomas de decisión na vida do centro, no contexto familiar e na vida social.

**5. Corresponsabilidade:** A corresponsabilidade debe ser vivida na aula, no fogar, no centro xa que nenas e nenos, mulleres e homes están capacitados para realizar as mesmas tarefas.

**6.- Conciliación:** A conciliación favorece o empoderamento das mulleres para que poidas desenvolver traballos fóra do fogar. Este principio de conciliación vai xunguido á corresponsabilidade xa que non se trata de que a muller faga o dobre de traballos (no fogar e fóra) senón que os traballos deben ser repartidos pero atendendo á erradicación dos estereotipos de x<sup>o</sup>.

**7. Linguaxe:** A linguaxe ao longo da historia é primordialmente masculino e ás veces as nenas e mulleres non se senten identificadas. Tratarase de facer visible unha linguaxe feminina e utilizar unha linguaxe feminina aínda que se recarguen os textos.

**8. O Xogo e os xoguetes:** A través do xogo nenas e nenos poden imaxinar o seu futuro. Xoguetes e xogos favorecen a necesidade de moverse, curiosar, crear, relacionarse, expresarse, intercambiar vivencias, accións e pensamentos. En definitiva, a necesidade de estar e de vivir no mundo. Ao mesmo tempo, os xogos, xoguetes e contos son instrumentos que socializan, que estimulan a comunicación, que serven para a evolución social, individual e social, inculcan ideas, crenzas, valores sociais, expectativas, necesidades, ofrecen modelos de actuación, ensinan a solucionar conflitos, esbozan un mundo máxico e proporcionan unha fonte de imaxinación e creación.

Xogar con xoguetes ou ler un libro son un medio imprescindible para promover e favorecer a educación das emocións, dous afectos, a fantasía, a creatividade, linguaxe, articulación, as relacións, a discriminación visual, desenvolvemento do control corporal, relación co espazo, Todos estes elementos inflúen profundamente na construción da personalidade e identidade das persoas nas súas primeiras etapas de vida. Por iso, debemos ser conscientes do importante papel que desempeñan xogos, xoguetes e contos no desenvolvemento de nenas e nenos.

**9. Desenvolvemento afectivo-emocional:** integraremos nos diferentes contidos curriculares o desenvolvemento emocional a través da consciencia emocional, autocontrol emocional e autoestima.

### 3.2.- OBXECTIVOS E VINCULACIÓN COS PLANS DE CENTRO (Proxecto Educativo, Plan de Atención á Diversidade, Documento Concreción Curricular, Plan de Igualdade, Plan de Orientación, Plan de Acción Titorial, Plan de Convivencia)

OBXECTIVOS	PLANS (PE, PAD,DCC, PI, PO, PAT, PC, NOFC)
Desenvolver accións organizativas integradoras da igualdade	PE, NOFC
Establecer condicións para integrar a igualdade na organización, xestión e funcionamento do centro e un currículo sen sesgos de xénero	PE, NOFC, DCC
Impulsar o cambio de valores, actitudes, roles e estereotipos que sustentan a desigualdade de xénero a través dun modelo educativo que promova a equidade entre mulleres e homes en todas as súas dimensións	PE, NOFC, PAT, PC, PO
Promover o desenvolvemento afectivo-emocional	PAT, PC, DCC,PAD, PO
Desenvolver accións de difusión das actuacións	PE, PAT, PI, PC, PAD
Realizar accións de sensibilización, formación e implicación da comunidade educativa en materia de igualdade de xénero, coeducación e prevención da violencia de xénero.	PAT, PAD, PC, PO, DCC
Promover dinámicas de sensibilización e prevención da violencia de xénero para contribuir á erradicación, asegurando unha intervención axeitada ante posibles casos de violencia de xénero no ámbito educativo e/ou familiar	PAT, PAD, PC, PO, DCC
Avanzar nun modelo educativo baseado na coeducación	PE, DCC, PAT, PAD, PC, PO
Impulsar mecanismos e pautas de actuación para a abordaxe dos casos de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero nos centros educativos.	PE, DCC, NOFC
Impulsar a formación e a participación das familias como instrumento de acción coeducativa e de fomento da promoción da igualdade de oportunidades.	PAT, PAD, PC, PO
Desenvolver actuacións para a prevención e redución do absentismo e o abandono escolar das alumnas pertencentes a grupos ou familias en situación de vulnerabilidade social.	PAT, PAD, PC, PO, DCC
Consolidar o enfoque de xénero e das mulleres nas actividades	PE, DCC, PAT, PAD, PC, PO, DCC
Impulsar modelos igualitarios nas relacións afectivas-sexuais e fomentar actitudes de respecto e tolerancia á diversidade de orientación sexual, desde a promoción dun cambio cultural e de valores en favor da igualdade de xénero.	PE, DCC, PAT, PAD, PC, PO, DCC



Favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, á vez que se promove un modelo de sociedade corresponsable no que homes e mulleres compartan de maneira equilibrada as responsabilidades domésticas e familiares e realicen un uso equitativo dos tempos e das medidas de conciliación.	PE, NOFC
Dinamizar a visibilización das mulleres no eido da ciencia, da investigación, da literatura, da arte,..	DCC, PAT, PO, PAD
Identificar e discriminar actitudes e roles estereotipados que contribúen a reproducir e perpetuar no noso propio contorno familiar e escolar modelos de relación entre homes e mulleres discriminatorios e desiguais.	PE, DCC, PAT, PO, PAD
Favorecer condutas tolerantes e respectuosas coas persoas de diferentes sexos.	PE, DCC, PAT, PO, PAD, PC
Comprender e facer posible a visibilidade de todo o feminino.	PE, DCC, PAT, PO, PAD, PC
Identificar e poñer voz a todo o feminino: linguaxe, valores, actitudes, espazos,...	PE, DCC, PAT, PO, PAD, PC
Formar ó profesorado e ás familias en aspectos de dinámicas de igualdade.	PAT, PO, PAD, PC
Reflexionar sobre a linguaxe sexista en todos os documentos e circulares institucionais	DCC, PAT, PO, PAD, PC
Identificar os elementos que posibilitan o cambio na praxe da educación para a igualdade.	PE, DCC
Dinamizar a participación das nenas e das nais na vida da escola e da casa promovendo toma de decisións conxuntas.	PAT, DCC, PO, PAD
Reforzar a autoestima e autopercepción das nenas e nenos, nais e pais, mestras e mestres.	DCC, PAT, PO, PAD, PC
Analizar a tipoloxía de xogos e xoguetes dende unha perspectiva de X <sup>o</sup>	PE, DCC, PAT, PC
Desenvolver de xeito efectivo o desenvolvemento afectivo-emocional	DCC, PAT, PO, PAD, PC

### 3.3.-DIFUSIÓN

Este Plan e as súas actuacións serán publicitadas a través da web do centro educativo, enviadas por email á ANPA, aos compoñentes dos órganos colexiados e estarán a disposición da comunidade educativa na secretaría do centro..

### 3.4 XUSTIFICACIÓN

Este Plan imbrícase con diferentes accións desenvolvidas no centro ao longo destes anos (con anterioridade á Lei 7/2004 ou Plan Estratéxicos para a igualdade entre homes e mulleres ou para igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e artella estratexias e actuacións que permiten afondar no eixo transversal da educación para a igualdade como contido fundamental para o enriquecemento persoal e social de toda a Comunidade Educativa partindo do coñecemento de nos mesmos, da nosa propia identidade, das nosas diferencias e similitudes, das nosas características persoais e tomando conciencia da importancia do valor da diferenza e facendo visible os valores femininos como valores menos desenvolvidos ou menos recoñecidos. Coeducar consiste en educar en igualdade dende a diferenza, tendo en conta a visibilización dos aspectos positivos e necesarios que se precisan para ser persoa, para actuar como persoa.



No ámbito ou contexto educativo debemos ir rachando progresivamente, previo análise e reflexión, as discriminacións relacionadas coa asignación de cores segundo o sexo, adxudicación de prendas de vestir según sexan nenos ou nenas, elección de xoguetes segundo o sexo, maior permisividade para nenos-homes pois as nenas-mulleres deben gardar as formas, ser delicadas, sensibles,...


Coas actuacións deseñadas dende unha mirada pluridimensional e multicontextual contribuiremos a fomentar unha dobre mirada a favor das mulleres e a favor dos homes, plantexamentos cooperativos de **“eu gano, ti gañas, todos gañamos”**, que configuran os piares básicos dunha sociedade igualitaria e xusta. resposta á necesidade de conquistar dereitos igualitarios para as mulleres, eliminando os obstáculos que se interpoñen á igualdade real. Este Plan de Igualdade de xénero en Educación propón actuacións a favor dos dereitos das mulleres do centro (nais, mestras, alumnas), incorpora estratexias que inciden na cultura real que sustenta a desigualdade, con actuacións a favor dos homes y das mulleres naquelas desigualdades específicas que produce a tradicional socialización diferenciada posibilitando o seu pleno desenvolvemento como persoas.


A Educación para a igualdade de xénero e para a igualdade de oportunidades resulta fundamental e necesaria polo feito mesmo que no proceso de socialización e de adquisición da propia identidade, a tradicional cultura de xénero na que as persoas adultas nos formamos, orixina que como profesoras e profesores e como nais e pais - non sempre reflexivamente - actuemos fornecendo actitudes e roles estereotipados que contribuen a reproducir e perpetuar no noso propio contorno familiar e escolar modelos de relación entre mulleres e homes discriminatorios e desiguais. Este feito dificulta en gran medida a procura do desenvolvemento das potencialidades individuais e merma as posibilidades de acceder e disfrutar dunha real igualdade de oportunidades educativas ó longo do proceso de desenvolvemento persoal das nosas fillas e dos nosos fillos e das nosas alumnas e alumnos.

O contorno familiar-escolar e as relacións persoais que neles se producen constituen unha base fundamental para o desenvolvemento da persoa e para a súa integración social .Neste senso a formación en valores que posibiliten contribuir a creación dunha convivencia xusta, solidaria e igualitaria entre as persoas de diferente sexo constitue unha tarefa a priorizar na educación familiar. **Educando en igualdade** pretendemos continuar a reflexión e a sensibilización dos responsables familiares e as persoas docentes sobre aspectos básicos na promoción do valor da igualdade presentando esta formación como tarefa consubstancial á dinámica educativa intrafamiliar.

Tamén este plan ten un carácter eminentemente inclusivo, tanto polas medidas como polas actuacións que propón pretendendo promover medidas de intervención non discriminatorias, que xurdan da aceptación e valoración das naturais diferencias persoais como un dos obxectivos chave para poder desenvolver ao máximo as potencialidades individuais de homes e mulleres, de nenas e de nenos para o logro da súa competencia social e persoal.

Os sinais de identidade que figuran no PE (art. 121, LOMCE) integran de seu ámbitos relacionados coa igualdade.





Para o mellor desenvolvemento do plan e, polo tanto, do seu éxito realizaranse obradoiros e sesións formativas para as familias, profesorado e alumnado.

Se fose necesario contemplarase a posibilidade de cursos, xornadas ou mesmo un PFPP relacionado cos ámbito de intervención para a mellora da Igualdade.

Para que o contexto cidadá se sensibilice con este ámbito realizaranse actuacións de portas abertas ou actuacións integradas na contorna social e comunitaria.

### 3.5.- CONMEMORACIÓNS A CELEBRAR

- 📅 20 novembro: Día Internacional dos Dereitos da Infancia
- 📅 25 novembro: Día Internacional Contra a Violencia de Xénero
- 📅 10 decembro: Día Internacional dos Dereitos Humanos
- 📅 11 febreiro: Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia.
- 📅 30 xaneiro: Día da Paz
- 📅 8 marzo: Día da Muller Traballadora
- 📅 1 de abril: LGBT
- 📅 28 maio: Día da Saúde da Muller

## 4.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO

No centro educativo, foi sempre unha constante o tratamento transversal da igualdade.

A ANPA estivo sempre presidida por nais.

Polo que respecta á constitución do Consello Escolar podemos dicir que na actualidade, por parte das familias hai tres mulleres e dous homes, un home representante do Concello e representando ao profesorado un home e unha muller ( o resto de postos están vacantes)..

Non existen fendas de xénero salientables.

Maioritariamente o Claustro está formado por mulleres. De dezaioito docentes, só hai catro homes.

Existe un equilibrio entre o número de nenos e nenas (107-96).

O centro participa nos Obradoiros do Concello “Camiña con nós pola igualdade”. É escasa a participación noutras actividades desta índole.

## 4.1 DATOS CURSO 2019-20

Uipo Directivo	Persoas docentes	Alumnas	Alumnos	Consello Escolar	Anpa
<b>Estivo formado por mulleres. Hoxe o director é un home.</b>	<b>14 mulleres 4 homes</b>	4º E.I. 8	4º E.I. 10		Presidida por unha muller
		5º E.I. 7	5º E.I. 6		
		6º E.I. 12	6º E.I. 10		
		1º EP 8	1º EP 16		
		2º EP 10	2º EP 14		
		3º EP 16	3º EP 9		
		4º EP 12	4º EP 12		
		5º EP 12	5º EP 13		
		6º EP 11	6º EP 17		

Registro condutas contrarias á convivencia	Uso de espazos nas aulas	Uso de espazos nos patios	Actividades extraescolares	Actividades complementarias
Ningunha por parte de: alumnado, familias, profesorado nin persoal non docente.	Espazos con recantos mixtos e xogos coeducativos pero con diferentes usos dos xogos segundo sexan nenos ou nenas.	Dominado polos xogos de nenos e pouco coeducativos	Actividades coeducativas e con asistencia de nenas e nenos pero con maior número de nenas agás en deportes que predominan os nenos.	Presidida por unha muller

A estrutura organizativa non é neutra dende o punto de vista da igualdade, de aí que nos documentos de funcionamento e particularmente no Proxecto Educativo aparece como un valor a promover a integración e fomento da igualdade entre homes e mulleres e a non discriminación por razón de sexo, tanto na súas finalidades como nos obxectivos.

Existe unha Comisión de Convivencia Escolar. Asemade, entre os obxectivos dos plans de convivencia recóllese o fomento da igualdade entre homes e mulleres e propóñense actividades para a sensibilización contra a violencia machista.

O traballo por unha educación igualitaria, visibilízase na aposta firme por parte do equipo directivo e do profesorado de levar a cabo accións que favorezan a igualdade, accións que son de relevancia para sensibilizar e desenvolver no alumnado un cambio de actitudes.

Estas actuacións lévanse a cabo maioritariamente con motivo de datas sinaladas (8 de marzo, 25 de novembro...) ou ben a iniciativa do profesorado que está sensibilizado co tema. O equipo directivo leva a cabo unha aposta firme pola coeducación ao igual que o profesorado que está sensibilizado coa igualdade e amósase predisposto a traballar desde a perspectiva de xénero a través tanto da súa implicación en accións puntuais como na práctica diaria.

A formación do profesorado e das familias é clave para poder abordar procesos de inclusión da perspectiva de xénero nos contidos e prácticas educativas.

Existen eivas no uso da linguaxe oral nas aulas, asembleas e ás veces na documentación xeral, no material didáctico. Non obstante, si é certo que se presta especial atención a este tema e se procura evitar o uso dunha linguaxe sexista tanto como medio vehicular na relación docente discente como na linguaxe icónica.

Os contidos dos materiais utilizados e a aplicación do enfoque coeducativo é un asunto privado de cada docente e debe ser modificado ou, polo menos, crear conciencia do non uso da linguaxe coeducativa.

**A diagnose amosa unha realidade na que existe unha clara aposta por parte das persoas docentes de traballar a prol da igualdade; non obstante, é necesario seguir potenciando a introdución da perspectiva de xénero nas dinámicas educativas a través da proposta de actuacións específicas que se comprometan a traballar na transversalidade de xénero.**

## 5.- OBXECTIVOS E ÁMBITOS ESTRATÉXICOS DE ACTUACIÓN

A Educación para a igualdade artellarase a través de diversos ámbitos estratéxicos nos que se vivenciará unha realidade paritaria, igualitaria, corresponsabel, respectuosa: a organización do centro baixo prismas de igualdade, os valores no currículo, a linguaxe, a conciliación da vida laboral e familiar, a corresponsabilidade, a linguaxe, os espazos, a muller na historia, a literatura, os xogos-xoguetes e o desenvolvemento curricular.



### ÁMBITO ESTRATÉXICO: DESENVOLVEMENTO ORGANIZATIVO DO CENTRO

Obxectivos	Actuacións	Indicadores
<ul style="list-style-type: none"> <li>Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Charlas informativas</li> <li>importancia participación na vida do centro</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de mulleres e homes nos diferentes equipos</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nomeamento persoa responsable</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Existencia de persoa responsable da igualdade no centro</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade educativa e social</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Difusión do Plan na web do centro e nas asembleas informativas-formativas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de novas en materia de igualdade na web do centro.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Promover a formación do profesorado, do alumnado e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>coas familias e o profesorado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de actuacións de formación</li> </ul>

das familias en materia de igualdade.

<ul style="list-style-type: none"> <li>Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas e na conmemoración de datas significativas (25 de novembro, 8 de marzo, LGBTI etc.)</li> </ul>	<p>Realización de actividades e recursos promovidas polo Concello, Universidade de Vigo, Proxecto Inspira STEM, ao longo do curso e nas datas significativas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de actividades integradas na comunidade</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral e non sexista para todo o alumnado do centro.</li> </ul>	<p>Integración en UDIS/Proxectos contidos de desenvolvemento afectivo-emocional</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de actividades de desenvolvemento afectivo-emocional no currículo</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.</li> </ul>	<p>Revisión do DCC</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de melloras no documento de concreción curricular</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Dinamizar a participación en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación dende o currículo etc.</li> </ul>	<p>Deseño de actividades integradoras da igualdade de xénero</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de actuacións e recursos creados</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Promover metodoloxías activas e cooperativas</li> <li>Integrar na vida do centro metodoloxías STEM</li> <li>ORGANIZACIÓN DE XORNADAS DE IGUALDADE polo Día da Paz.</li> </ul>	<p>Deseño de espazos STEM con participación de nenas</p>	

## ÁMBITO ESTRATÉXICO: OS VALORES NO CURRÍCULO

Obxectivos	Actuacións	Indicadores
<ul style="list-style-type: none"> <li>Promover o respecto e o bo trato entre homes e mulleres</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Análise e reflexión sobre condutas, comportamento masculinos ou femininos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de protocolos aplicados</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero entre homes e mulleres.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aplicar protocolo de acoso escolar por motivos de xénero</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>Descubrir, coñecer e comprender paulatinamente a importancia das valores femininas e masculinas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Descubrimiento real de falsos mitos masculinos ou femininos na aparencia física ou no vestiario a través de visita de persoas en obradoiros</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>Propiciar o desenvolvemento de</li> </ul>		

<p>actitudes positivas para as valores femininas e masculinas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>+ Promover a sensibilización e a prevención no eido da igualdade</li> <li>+ Comprender e identificar a importancia da educación para a igualdade dende valores femininos e masculinos.</li> <li>+ Promover e vivenciar valores vinculados á igualdade de oportunidades entre nenos e nenas.</li> <li>+ Dinamizar e promover a sensibilización, implicación e compromiso de toda a comunidade educativa para acadar a igualdade.</li> <li>+ Establecer cambios de actitude entre a comunidade educativa para rachar inercias e estereotipos desiguais.</li> <li>+ Favorecer a educación en actitudes e valores asociados á práctica efectiva da igualdade.</li> <li>+ Promover o coñecemento dos valores femininos e o seu reforzo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>+ Rexistro de estereotipos de Xénero</li> <li>+ Deseño de Charlas formativas para a Comunidade</li> <li>+ Deseño de Obradoiros na Biblioteca sobre igualdade</li> <li>+ Deseño de Mesas redondas</li> <li>+ Realización de actividades deportivas e de expresión corporal</li> <li>+ Creación de cuñas, podcast, cartelería,....para visibilizar a necesidade da igualdade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>+ Nº de charlas</li> <li>+ Grao de difusión de actividades</li> <li>+ Nº de asistentes a talleres e obradoiros</li> <li>+ Grao de satisfacción das persoas da C. Educativa</li> </ul>
---	--	--

## ÁMBITO ESTRATÉXICO: CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR

Obxectivos	Actuacións	Indicadores
<ul style="list-style-type: none"> <li>+ Analizar as necesidades familiares en relación coa vida laboral e familiar</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>+ Deseño de horarios de reunión compatibles coa conciliación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>+ Nº de sesións realizadas para favorecer a conciliación</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>+ Dinamizar accións no centro para favorecer a conciliación familiar e laboral</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>+ Apertura de aulas para favorecer a conciliación</li> <li>+ Deseño de Sesións de tarde na biblioteca para ofrecer un tempo de respiro ás familias</li> <li>+ Promover a través do Concello e SS. Sociais, Cruz Vermella programas de apoio para alumnado con necesidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>+ Nº de sesións de biblioteca como tempo de respiro familiar</li> <li>+ Grao de satisfacción das persoas da Comunidade</li> <li>+ Nº alumnado aistente</li> </ul>

## ÁMBITO: CORRESPONSABILIDADE

Obxectivos	Actuacións	Indicadores
<ul style="list-style-type: none"> <li>Deseñar accións encamiñadas ao reparto de tarefas corresponsábeis e libres de estereotipos de x<sup>o</sup></li> <li>Promover a corresponsabilidade na vida da aula e na realización de tarefas</li> <li>Mellorar as relacións familiares a partir do reparto de tarefas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Análise de imaxes corresponsabeis</li> <li>Rexistro de tarefas corresponsabéis no fogar</li> <li>Rexistro de traballos de mamá e papá</li> <li>Creación dun Obradoiro corresponsable de tarefas domésticas compartidas</li> <li>Creación dun Obradoiro de cociñeiros e cociñeiras</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N<sup>o</sup> de tarefas e actividades desenvolvidas</li> <li>N<sup>o</sup> de obradoiros corresponsabeis realizados</li> <li>N<sup>o</sup> de rexistros entregados</li> </ul>

## ÁMBITO ESTRATÉXICO: A LINGUAXE NOS DOCUMENTOS DE CENTRO

Obxectivos	Actuacións	Indicadores
<ul style="list-style-type: none"> <li>Empregar a linguaxe inclusiva e igualitaria</li> <li>Descubrir a linguaxe sexista nos textos e documentos do centro</li> <li>Promover o uso da linguaxe feminina e masculina ou xenérica nos documentos do centro</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Revisión e actualización dos documentos de centro para adecualos a unha perspectiva de igualdade</li> <li>Uso da linguaxe feminina e masculinoa ou xenérica evitando a linguaxe masculinizada (trocar por exemplo os docentes por as persoas docentes,...)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N<sup>o</sup> de correccións realizadas</li> <li>N<sup>o</sup> de actualizacións realizadas</li> </ul>

## ÁMBITO ESTRATÉXICO: OS ESPAZOS

Obxectivos	Actuacións	Indicadores
<ul style="list-style-type: none"> <li>Deseñar espazos igualitarios</li> <li>Analizar o uso do espazo da aula e dos patios</li> <li>Promover xogos coeducativos nas aulas e nos patios</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Análise e uso igualitario dos espazos da aula e do patio</li> <li>Redistribución dos espazos dende perspectiva de x<sup>o</sup></li> <li>Reestructuración dos xogos e xoguetes dende a perspectiva de x<sup>o</sup></li> <li>Realización de sesións de expresión corporal a través da danza, ioga, etc</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N<sup>o</sup> de espazos modificados</li> <li>N<sup>o</sup> de xogos coeducativos realizados en grupos mixtos</li> </ul>



## ÁMBITO ESTRATÉXICO: A MULLER NA HISTORIA

Obxectivos	Actuacións	Indicadores
<ul style="list-style-type: none"> <li>Descubrir mulleres relevantes na historia</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Visibilización de mulleres da zona con cotas de poder (locutoras de radio, empresarias, concelleiras, médicas, investigadoras,...)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de actividades realizadas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Analizar a obra de mulleres pintoras, escritoras, políticas, empresarias, inventoras,...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>--Análise e rexistro de mulleres importantes de diferentes ámbitos</li> <li>-Integración de biografía de mulleres relacionadas coa experimentación, as ciencias, as matemáticas,...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de mulleres analizadas e visibilizadas</li> </ul>



## ÁMBITO ESTRATÉXICO: A LITERATURA

Obxectivos	Actuacións	Indicadores
<ul style="list-style-type: none"> <li>Descubrir modelos igualitarios e coeducativos sen estereotipos na literatura</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Búsqueda de personaxes femininos en contos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de actividades realizadas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Analizar e descubrir estereotipos de X<sup>0</sup> e roles estereotipados na literatura infantil propoñendo novos roles</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Análise e rexistro de estereotipos de x<sup>0</sup> nas personaxes de contos</li> <li>Trocar os estereotipos de x<sup>0</sup> en contos por outros igualitarios</li> <li>Cambiar finais de contos ou historias</li> <li>Rexistro de oficios e tarefas nos contos desenvoltos polas personaxes</li> <li>Publicitación de lecturas para a igualdade</li> <li>Realización de cuñas promovendo a igualdade</li> </ul>	

[Guía de lecturas para a igualdade](#)

## ÁMBITO ESTRATÉXICO: XOGO E XOGUETES

Obxectivos	Actuacións	Indicadores
<ul style="list-style-type: none"> <li>✚ Reflexionar e analizar a adquisición de xoguetes e xogos mercados aos nenos e nenas.</li> <li>✚ Identificar estereotipos de xénero no uso dos xogos e xoguetes</li> <li>✚ Promover o uso de xogos e xoguetes igualitarios</li> <li>✚ Dinamizar recantos de aula e no patio con xogos coeducativos</li> <li>✚ Indagar sobre a publicidade dos xoguetes</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✚ Rexistro de xogos e xoguetes da aula</li> <li>✚ Análise do uso de xogos e xoguetes por parte de nenas e nenos</li> <li>✚ Deseño de recantos mixtos para uso de xogos cooperativos e de colaborativos e xoguetes coeducativos evitando estereotipos (un carriño de monecas non pode ser un coche de rally...)</li> <li>✚ Deseño de xogos de patio coeducativos</li> <li>✚ Análise e rexistro de situacións violentas nos momentos de xogo</li> <li>✚ Creación de xoguetes ou xogos igualitarios</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✚ Nº de recantos coeducativos</li> <li>✚ Nº de rexistros avaliativos do uso dos xogos e xoguetes</li> <li>✚ Nº de xogos de patio coeducativos</li> <li>✚ Nº de días con uso de xogos coeducativos no patio</li> </ul>

Xogos e xoguetes para a igualdade

## ÁMBITO DESENVOLVEMENTO AFECTIVO-EMOCIONAL

Obxectivos	Actuacións	Indicadores
<ul style="list-style-type: none"> <li>✚ Promover o desenvolvemento afectivo-emocional integrado no currículo</li> <li>✚ Implementar accións que promovan a consciencia emocional</li> <li>✚ Desenvolver actuacións para o desenvolvemento do autocontrol emocional</li> <li>✚ Promover accións para o desenvolvemento da autoestima</li> <li>✚ Sensibilizar á comunidade educativa sobre a existencia doutras identidades de xénero</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✚ Identificación de emocións positivas e negativas</li> <li>✚ Logro de control emocional</li> <li>✚ Relación entre escenas e imaxes de situacións da vida cotiá con emocións: enfado, tristeza, alegría,...</li> <li>✚ Realización de obradoiros e charlas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✚ Nº de tarefas e actividades desenvolvidas</li> <li>✚ Nº de obradoiros realizados</li> </ul>

## 6.- RECURSOS HUMANOS E AXENTES PARTICIPANTES

A sensibilización e a implicación de toda a Comunidade Educativa e do conxunto da sociedade son imprescindibles para acadar un progreso real na superación da desigualdade, da superación do sexismo e da consecución dunha verdadeira igualdade entre nenas e nenos, entre mulleres e homes na vida escolar, privada e pública.

Para impulsar este Plan precisarase de diferentes **Institucións, recursos estruturais, recursos humanos:**

- ✚ Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia
- ✚ Comisión de Convivencia do Centro
- ✚ Concellería de Igualdade do Concello de Vigo
- ✚ Xefatura Territorial e Inspección Educativa
- ✚ Bibliotecas Escolares de Galicia
- ✚ Concellería de Educación do Concello de Vigo
- ✚ Claustro de mestras e Mestres
- ✚ Consello Escolar
- ✚ Familias
- ✚ Universidade de Vigo
- ✚ Outras asociacións e institucións.

**Recursos materiais:** Algúns dos recursos que se empregarán para o desenvolvemento do Plan serían

- ✚ Fondos bibliográficos para as familias, profesorado e alumnado
- ✚ fondos videográficos
- ✚ cámara fotográfica
- ✚ tfnos, móbiles en desuso
- ✚ tarxetas corresponsabilidade
- ✚ material funxible

### Recursos de documentos de centro

- ✚ PE
- ✚ NOFC
- ✚ PLAN DE CONVIVENCIA
- ✚ PLAN DE ACCIÓN TITORIAL
- ✚ PLAN DE ORIENTACIÓN
- ✚ PLAN DE A. DIVERSIDADE

## 7.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

Periodicamente desenvolverase un seguimento e avaliación do Plan que se realizará pola Comisión de Convivencia e Igualdade que integra a Dirección, Presidenta ANPA, Coordinadoras-responsables de Equipos, concelleiro responsable no seo do C. Escolar.

Os instrumentos serán rexistros de observación, escalas, listas de cotexo que avaliarán as diferentes evidencias.

Valorarase:

- ✚ As actuacións de cada ámbito
- ✚ A participación das familias

- ✚ A implicación e compromiso das persoas docentes
- ✚ A implicación e compromiso das autoridades
- ✚ A implicación e compromiso do alumnado

Reunións:

1-2 cada curso escolar ou sempre que sexa demandado.

## 8.- REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS E DOCUMENTAIS

- ✚ Constitución Española proclama en su artículo 14 el principio de igualdad ante la Ley y en el artículo 9.2. establece que los poderes públicos promoverán las condiciones para que la libertad y la igualdad sean reales y efectivas
- ✚ La Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres
- ✚ Artículo 4 de la Ley orgánica 1/1981, de 6 de abril, del Estatuto de Autonomía para Galicia.
- ✚ Decreto Legislativo 2/2015, de 12 de febrero, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de igualdad
- ✚ Artículo 2 de la Directiva 2006/54/CE, del Parlamento Europeo y del Consejo, de 5 de julio de 2006, relativa a la aplicación del principio de igualdad de oportunidades e igualdad de trato entre hombres y mujeres en asuntos de empleo y ocupación.
- ✚ D. 105/2014, Elementos Transversais, art. 11
- ✚ Oliveira Malvar, M. (coord.) (2012): **Datas e datos para lembrar a igualdade**. Vigo, Concello de Vigo
- ✚ Santos Guerra, M. A. (1984): Coeducar en la Escuela. Madrid, Grupo Cultural Zero
- ✚ [VII Plan Estratégico de Galicia para la igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres 2017-2020](#)
- ✚ Xunta de Galicia (2019): Guía de literatura infantil e xuvenil para a igualdade. Santiago, Tórculo
- ✚ Xunta de Galicia (2012): Mulleres Científicas. Santiago, Xunta de Galicia
- ✚ <https://www.educacionrespuntocero.com/recursos/juegos-de-mesa-valores-emociones/53890.html>
- ✚ <https://www.educacionrespuntocero.com/recursos/peliculas-igualdad-de-genero/92062.html>

Exemplificación de películas para : Brave, El viaje de Chihiro, Enredados, Figuras ocultas, Lio y Stitch, Mulan, Zootrópolis, Quiero ser como Beckham, Supernenas, Vaiana

Vídeos: Los nadies, E. Galeano, Documentales médicos sen Fronteiras

Libros: Historia de KRHAN: a Super Woman, A cociñeira do rei, a nena do parque, As redes de Inés, Caer de cu polo universo, Maruxa, Titiritesa, Os Bolechas ven unha moura, A meiga e o emperador, A vendedora de palabras, As terapias da doutora Leticia, O corazón da maxia, O capitán Maimiño, Ovella descarreirada,...





9.- BARALLA IGUALDADE











traballo en comunidade.



DOMINGO

DOMINGO



DOMINGO

DOMINGO

DOMINGO



9.2 REXISTRO TAREFAS DE CORRESPONSABILIDADE

**Os meus traballos  
no fogar  
¡¡Son responsables!!**

EU: .....

TAREFAS QUE SER RESPONSABLE E PARTICIPAR NAS TAREFAS DO FOGAR

SEMANA 1 MES DE .....

	LUNS	MARTES	MIÉRCOLES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
FREGAR							
POÑER E OUTRA A							
MESA							

SEMANA 2 MES DE .....

	LUNS	MARTES	MIÉRCOLES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
FREGAR							
POÑER E OUTRA A							
MESA							

SEMANA 3 MES DE .....

	LUNS	MARTES	MIÉRCOLES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
FREGAR							
POÑER E OUTRA A							
MESA							

SEMANA 4 MES DE .....

	LUNS	MARTES	MIÉRCOLES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
FREGAR							
POÑER E OUTRA A							
MESA							

SEMANA 5 MES DE .....

	LUNS	MARTES	MIÉRCOLES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
FREGAR							
POÑER E OUTRA A							
MESA							